

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E CAIXABANK, S.A PARA FACILITAR OS PRÉSTAMOS DE FINANCIAMENTO DE CAPITAL CIRCULANTE EN EXPLOTACIÓN AGRARIAS, GARANTIDOS POLO INSTRUMENTO FINANCEIRO DE XESTIÓN CENTRALIZADA (PDR 2014-2020), E CON SUBSIDIACIÓN DOS TIPOS DE XURO POR PARTE DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

**Reunidos:**

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, e no seu nome e representación, D. Silvestre José Balseiros Guinarte, en calidade de director xeral da Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias segundo o nomeamento realizado polo Decreto 127/2020, de 10 de setembro (DOG núm. 185 de 11 de setembro de 2020) e actuando por delegación do conselleiro en virtude do artigo 2.1 punto catro da Orde de 17 de novembro de 2015 (DOG núm. 223 de 23 de novembro de 2015).

Doutra parte, Dna. Marta Albela Varela, DNI 53163038X, en calidade de Directora Comercial Red Galicia, en representación da entidade financeira CaixaBank, S.A., en virtude do poder de data 5 de febreiro de 2020.

As persoas comparecentes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e para ese efecto,

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.** – O Marco Nacional de Desenvolvemento Rural aprobado pola Comisión Europea, mediante Decisión do 13 de febreiro de 2015, en aplicación do disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, inclúe no seu apartado 5 un instrumento

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias  
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2<sup>a</sup> planta  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 545 721  
sxaexploraciones.medorural@xunta.gal  
medorural.xunta.gal





financeiro plurirrexional de adhesión voluntaria destinado a financiar determinadas actuacións contidas nos programas de desenvolvemento rural.

**Segundo.** - As medidas do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 ás que corresponden as actuacións que poden ser obxecto de financiamento a través do instrumento financeiro inclúen, entre outras, a medida 4.1 (apoio a investimentos en explotacións agrícolas). Nesta medida figura establecida a posibilidade de garantir con fondos Feader préstamos garantidos para capital circulante en explotacións agrarias, xestionado en colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través do Instrumento Financeira de Xestión Centralizada (en diante, IFXC). De acordo ao Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello, poderanxe garantir préstamos dirixidos a capital circulante non vinculados a investimentos, en cuxo caso os gastos subvencionables non poderán superar os 200 000 EUR.

**Terceiro.** En aplicación do indicado, o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural aprobado pola Comisión Europea, mediante Decisión de 13 de febreiro de 2015, inclúe no seu apartado 5 un instrumento financeiro plurirrexional de adhesión voluntaria destinado a financiar determinadas actuacións contidas nos programas de desenvolvemento rural, mediante a concesión de préstamos garantidos para o seu financiamento. Este instrumento articúlase mediante acordos específicos de financiamento establecidos entre o Ministerio de Agricultura, Pesca, e Alimentación (MAPA), a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), e as Comunidades Autónomas.

Procedimentalmente, o recoñecemento do dereito a estes préstamos garantidos caracterízase pola participación das entidades financeiras, que deben estar adheridas ao instrumento financeiro a través do correspondente convenio co MAPA, así como a un convenio específico coa Consellería do Medio Rural ao ser entidades colaboradoras na xestión das solicitudes de recoñecemento do dereito a préstamo garantido polo devandito instrumento financeiro. Nese sentido, CaixaBank, S.A. asinou co MAPA con data 20/07/2018 un convenio para facilitar os préstamos garantidos polo IFXC (en diante, Convenio da Entidade Financeira co MAPA). Estes préstamos intégranse nun instrumento de garantía de carteira con límite máximo, proporcionando aos destinatarios finais a cobertura do risco de falta de pagamento para cada préstamo. Os trazos da carteira son unha taxa de garantía préstamo a préstamo, establecida no 80%, contía á que fará fronte o instrumento ante unha primeira perda, de modo que o 20% do importe impagado será asumido pola entidade financeira concedinte do préstamo e o 80% restante polo instrumento financeiro, e unha taxa do límite máximo da



garantía, establecida no 20% da carteira, que é a porcentaxe da carteira que cubrirá o instrumento financeiro, limitando o volume total de préstamos que poden ser garantidos.

**Cuarto.** - Que é prioritario para a Consellería do Medio Rural facer posible que as persoas titulares de explotacións agrarias dispoñan de capital circulante suficiente para manter a viabilidade das súas explotacións, tendo en conta en especial a evolución á alza dos prezos das materias primas experimentada nos últimos meses, e agravada posteriormente pola invasión rusa de Ucraína, o que implica a necesidade de dotar de liquidez aos sectores económicos máis afectados, entre os que se atopa o sector primario. Por esta razón, e co fin de axudar ás persoas titulares das explotacións agrarias a afrontar a difícil situación actual, considérase necesario fomentar a utilización do IFXC, e mesmo mellorar as súas condicións ordinarias, mediante a subsidiación dos tipos de xuro establecidos no dito instrumento, a través de axudas complementarias finanziadas con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Quinto.** - De acordo co indicado, a Consellería do Medio Rural publicará unha orde mediante a que se regulará o procedemento para o recoñecemento a titulares de explotacións agrarias do dereito a subscrpción de préstamos para o financiamento de capital circulante, garantidos polo IFXC Feader 2014-2020, no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Ademais, esta convocatoria incluirá como axuda complementaria a subsidiación dos tipos de xuros, nas condicións establecidas neste convenio, que será finanziada con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na orde de convocatoria preverase que na xestión deste procedemento poderán participar como entidades colaboradoras as entidades financeiras que subscrisben co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o convenio de colaboración para facilitar os préstamos garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada, sempre que formalicen un convenio de colaboración específico coa Consellería.

Por iso, dadas as competencias de cada unha das partes comparecientes, ambas as partes de común acordo, consideran conveniente subscribir o presente Convenio con suxección ás seguintes:



## CLÁUSULAS:

### Primeira. - Obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é establecer a forma e condicións nas que se desenvolverá a colaboración entre a Consellería do Medio Rural (en diante, a Consellería) e a Entidade Financeira CaixaBank, S.A. (en diante, a Entidade Financeira) para facilitar o acceso ao financiamento do capital circulante das explotacións agrarias, mediante a habilitación de préstamos garantidos polo IFXC FEADER 2014-2020, e con tipos de xuro subsidiados por parte da Consellería do Medio Rural, de acordo co establecido neste convenio, e cuxas condicións se incluirán, entre outras, na Orde de Convocatoria das axudas que se publique con este fin.

### Segunda. - Condicións dos préstamos.

**2.1. Prestatarios.** Poderán ser prestatarios as persoas titulares de explotacións agrarias da Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpran os requisitos que se establecerán na Orde de Convocatoria e que dispoñan dunha resolución individual válida por parte da Consellería de recoñecemento do dereito a un préstamo garantido polo IFXC, ao abeiro da dita Orde.

Se, transcorridos seis meses desde a data de emisión da citada resolución, non se formaliza o correspondente préstamo, caducará o recoñecemento do dereito a que o préstamo proposto poda ser apoiado polo IFXC, polo que, de producirse a formalización superado ese prazo, dito préstamo non estará garantido polo IFXC.

**2.2. Importe do principal.** Será como máximo o que figure na resolución individual de recoñecemento do dereito sinalada no apartado anterior. En todo caso, o importe do préstamo concedido será posto a disposición do beneficiario de forma única e total.

**2.3. Prazos de amortización.** Os préstamos terán unha duración total de tres (3) anos.

**2.4. Comisións.** Unicamente poderán devengarse, por unha soa vez, unha comisión en concepto de apertura do préstamo. A contía máxima de dita comisión en ningún caso superará o 1 por 100 do importe total concedido.

A Entidade Financeira non poderá aplicar ningunha comisión de estudo nin de amortización anticipada.



**2.5. Outras condicións.** As condicións relativas a tipo de interese, intereses de mora, sistema de amortización e garantías dos préstamos, serán as indicadas na cláusula 5ª do Convenio da Entidade Financeira co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Non obstante, a Consellería do Medio Rural subsidiará os tipos de xuros do préstamo, cun límite máximo de 2 puntos porcentuais, e sen que en ningún caso o tipo de xuro resultante do préstamo poida ser menor do 0%, de acordo co que se estableza na Orde de Convocatoria e nas cláusulas deste convenio.

### **Terceira. - Procedemento de tramitación dos préstamos**

#### **3.1. Solicitude e resolución de recoñecemento do dereito ao préstamo garantido.**

Os interesados en solicitar o recoñecemento ao dereito de préstamo garantido obxecto deste convenio deberán presentar a súa solicitud ante a Consellería do Medio Rural, da forma que se estableza na Orde de convocatoria. A solicitude irá dirixida ao Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario, segundo o modelo e documentación adicional que figurará na dita Orde.

As solicitudes presentaranse obligatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Posteriormente á presentación da solicitude ante a Consellería do Medio Rural e avaliada a mesma, esta solicitará directamente a SAECA polos medios electrónicos establecidos o Informe de Viabilidade Crediticia (IVC) necesario, conforme ao modelo descargable que figura no sitio web de SAECA coa denominación "Autorización a SAECA", e que figura así mesmo como anexo a este convenio.

Se o solicitante non presenta a documentación requirida no prazo máximo establecido ou se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días. De non facelo así, terase por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.



As solicitudes serán resoltas nun prazo máximo de tres meses contados desde o momento no que o solicitante presente toda a documentación requerida e se dispoña do informe de viabilidade crediticia de SAECA. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, poderá entender desestimada a súa petición por silencio administrativo.

De acordo coas características do programa, o procedemento de concesión tramarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas ata esgotarse as dispoñibilidades orzamentarias aprobadas. O esgotamento do crédito motivará a inadmisión de posteriores solicitudes.

### 3.2. Solicitud, resolución e formalización do préstamo.

As solicitudes dos préstamos formularanse nas oficinas bancarias correspondentes, nos impresos e documentación normalizada específica establecidos. Ditos documentos incluirán as normas relativas a información e publicidade detalladas no apartado 2 da Cláusula Oitava do Convenio da Entidade Financeira co MAPA. Para poder dar curso ás solicitudes, os titulares proporcionarán á Entidade Financeira unha copia da resolución individual de recoñecemento dodereito a préstamo emitida pola Consellería acompañado do informe de Viabilidade Crediticia (IVC) necesario, solicitado pola Consellería do Medio Rural a SAECA e entregado xunto coa resolución individual.

A Entidade Financeira comprométese a resolver positiva ou negativamente as solicitudes de préstamos recibidas, nun prazo máximo de 20 días, unha vez que obre no seu poder toda a documentación precisa. As resolucións positivas serán comunicadas a SAECA para que esta dea cobertura ao aval individual de cada préstamo en nome do IFXC, así como para que subscriba co prestatario o correspondente contrato de afianzamento mercantil.

Para resolver positiva ou negativamente as solicitudes, a Entidade Financeira terá presente, para todos e cada un dos préstamos da carteira, a existencia da garantía prestada polo IFXC sobre o 80% do nominal de cada un dos préstamos que conforman a carteira.

Os préstamos aprobados non poderán superar nin o importe establecido na resolución individual de recoñecemento do dereito a préstamo emitida pola Consellería, nin o prazo indicado no apartado 3 da cláusula segunda.

A Entidade Financeira asume a obrigación de atender todas as solicitudes, así como de informar ao MAPA tanto das solicitudes aprobadas e formalizadas como daquelas que puidesen ser denegadas pola entidade.



**3.3. Outras condicións na tramitación dos préstamos.** As condicións relativas a manual operativo, póliza de préstamo, comunicación de pólizas formalizadas, incumplimientos e reclamación de cantidades, serán as indicadas na cláusula 6º do Convenio da Entidade Financeira co MAPA.

#### Cuarta. - Outros compromisos

A Entidade Financeira asume os seguintes compromisos adicionais:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas entre os seus clientes.
- b) Poñer todos os medios disponibles para facilitarles o acceso a esta liña de financiamento ás persoas beneficiarias, e colaborar na difusión deste programa.
- c) Remitir á Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural información sobre as solicitudes aprobadas e dos préstamos formalizados que inclúa a data de desembolso e o calendario de pagamentos das cotas de amortización e os xuros.
- d) Remitir trimestralmente á Subdirección xeral de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural un certificado coa relación de vencimentos de todos os préstamos formalizados por parte dessa Entidade Financeira producidos no último trimestre, con base á Orde de convocatoria, coa indicación de NIF e nome da persoa titular da explotación, data de pagamento, capital amortizado, xuros aboados no último trimestre por parte do prestatario e límite de xuros a subsidiar (contía equivalente aos xuros calculados con dous puntos porcentuais), para os efectos do abono ao prestatario da contía que corresponda, por parte da Consellería do Medio Rural.

As datas previstas para a remisión da información anterior son as seguintes:

- Antes do 15/04 de cada ano: Certificado coa relación e datos dos vencimentos producidos entre o 01/01 e o 31/03 do mesmo ano.
- Antes do 15/07 de cada ano: Certificado coa relación e datos dos vencimentos producidos entre o 01/04 e o 30/06 do mesmo ano.
- Antes do 15/10 de cada ano: Certificado coa relación e datos dos vencimentos producidos entre o 01/07 e o 30/09 do mesmo ano.



- Antes do 15/01 de cada ano: Certificado coa relación e datos dos vencementos producidos entre o 01/10 e o 31/12 do ano anterior.

e) Nos casos nos que se produza calquera alteración das condicións do préstamo (resolución do contrato de préstamo, rehabilitación do préstamo, ou modificación das condicións), deberá notificar á Consellería do Medio Rural a dita alteración no prazo máximo dun mes a partir da data en que se produza.

f) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade de crédito asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería do Medio Rural asume os seguintes compromisos adicionais:

Aboar aos beneficiarios os xuros subsidiados con base ás resolucións de axudas correspondentes e as condicións establecidas na Orde de convocatoria, e de acordo cos certificados remitidos polas entidades financeiras.

O abono indicado realizarase, logo das comprobacións oportunas, con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.712B.470.1, estendéndose durante a vixencia dos préstamos acollidos a este convenio.

#### **Quinta. - Prazo de vixencia do convenio**

O presente Convenio produce efecto desde a data da súa sinatura , e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que permanecerán en vigor os termos do convenio que poidan resultar de aplicación ós préstamos formalizados ó seu amparo durante o referido período de vixencia e ata a finalización do prazo dos préstamos subscrito ao seu amparo.





## **Sexta. - Modificación, extinción e resolución do convenio**

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Por denuncia de calquera das partes comunicada por escrito á outra parte cun mínimo de 30 días de aviso previo.
- Por incumprimento ou irregularidades graves na execución do Convenio, por calquera das partes.

A resolución do convenio suporá, en todo caso, deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa contraídas por calquera das partes.

## **Sétima. - Seguimiento do convenio**

Crearase a partir da sinatura do presente Convenio, unha Comisión paritaria de seguimiento, composta por dous representantes da Administración Autonómica, funcionarios da Consellería do Medio Rural, e por dous representantes da Entidade Financeira, para o seguimiento da execución do contido deste Convenio, así como para resolver as dúbihdas e controversias que da aplicación do mesmo puidesen derivarse.

A devandita comisión reunirase a proposta de cada unha das partes, rexéndose na súa organización e funcionamento polas normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento dá Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na sección terceira do capítulo I da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



#### **Oitava. - Natureza do convenio**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerase polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro), no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo governo (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demás normativa de aplicación.

#### **Novena. - Xurisdición**

O presente Convenio, ten carácter administrativo, polo que calquera cuestión litixiosa que puidese xurdir entre as partes en canto á súa interpretación e cumprimento, poderá substanciar ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

#### **Décima. - Publicidade**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demás especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).





## Décimo primeira. - Confidencialidade e Protección de datos de carácter persoal

### 11.1. Información Confidencial

As partes conveñen en atribuír o carácter de confidencial a canta información, datos e documentación que a Entidade Financeira proporcione á Consellería no desenvolvemento e execución do Convenio (en diante, a "Información Confidencial").

En consecuencia, a Consellería comprométese a tratar a Información Confidencial integralmente como reservada e protexida, a utilizala exclusivamente dentro da finalidade e para o cumprimento do presente Convenio, e a non divulgala, reproducila, nin poñela ao dispor de terceiros sen o consentimento previo e por escrito da Entidade Financeira.

Os deberes de secreto e non difusión subsistirán mesmo despois de finalizado este Convenio.

Todo o anterior sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de transparencia no ámbito do sector público, e demais obrigas de información ás que imperativamente se atopen suxeitas calquera das partes; non obstante, respecto de calquera comunicación pública que puidese afectar á Información Confidencial que a Consellería debese realizar por esixencia dunha norma imperativa, se informará con carácter previo á Entidade Financeira, de non existir obstáculo legal en tal sentido.

### 11.2. Tratamento de datos de carácter persoal

O tratamento de datos de carácter persoal realizado ao amparo do presente Convenio, rexerase polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, o "RGPD"), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, a "LOPD"), así como cantas outras normas legais ou regulamentarias incidan en, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Para o cumprimento e desenvolvemento do presente Convenio, as partes intercambiarán datos de carácter persoal dos beneficiarios das formas que nel se establecen. No desenvolvemento destas comunicacóns de datos, ambas as partes revestirán a figura de responsables do tratamento, séndoo para cada unha das súas respectivas finalidades e funcións, como ente público e como entidade financeira, respectivamente. Nestes casos, cada unha das partes -na súa condición de responsable do tratamento, con carácter previo a realizar a comunicación dos datos á outra parte cando corresponda, deberá garantir a





procedencia lícita dos datos cedidos, responsabilizándose de obter os mesmos conforme ao establecido na normativa vixente de protección de datos, dispor de una base de lexitimación para a comunicación dos datos de acordo co establecido no artigo 6 del RGPD, así como cumplir coas obrigas de información ós beneficiarios de conformidade co establecido nos artigos 13 e 14 do RGPD.

### 11.3 Datos dos representantes das persoas xurídicas comparecentes

Cada parte informa á outra de que os datos persoais dos representantes, empregados ou outras persoas físicas que actúen en nome ou por conta da outra parte e que lle sexan facilitados por tal parte (isto é, datos de contacto profesional, cargo desempeñado na entidade/empresa e, no seu caso, poderes para actuar no seu nome e representación - os "Datos de Contacto"), serán tratados coa finalidade de xestionar o presente Convenio; así como, no seu caso, para cumplir coas obrigas normativas impostas ás partes, durante a vixencia do mesmo. Unha vez finalizada a vixencia, os datos serán conservados (tal como indica a normativa), aos únicos efectos de cumplir as obrigas legais requiridas e para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións, durante o prazo de prescripción das accións derivadas do presente Convenio.

O titular dos datos pode exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, de acordo coa normativa de aplicación:

Respecto á Entidade Financeira: [www.caixabank.com/ejerciciodederechos](http://www.caixabank.com/ejerciciodederechos)

Respecto a Consellería: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, os interesados poderán dirixir aquelas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Finalmente, os datos de contacto do Delegado de Protección de Datos son:

Respecto á Entidade Financeira: [www.caixabank.com/delegadoprotecciondedatos](http://www.caixabank.com/delegadoprotecciondedatos)

Respecto a Consellería: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



#### Décimo segunda. - Remisión normativa.

En todo o non regulado expresamente neste convenio, estarase ao establecido no Convenio da Entidade Financeira co MAPA, así como na Orde de Convocatoria que regulará o procedemento administrativo para o recoñecemento do dereito das persoas solicitantes á sinatura dos préstamos acollidos a este convenio.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital

Director xeral da Gandaría, Agricultura e  
Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

Directora Comercial Red Galicia

Marta Albela Varela

ANEXO



CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL



Unión Europea  
Fondo Europeo Agrícola  
de Desarrollo Rural

Europa invierte en las zonas rurales



## INSTRUMENTO FINANCIERO DE GESTIÓN CENTRALIZADA (IFGC)

### AUTORIZACIÓN A SAECA PARA LA EMISIÓN DE INFORME DE VIABILIDAD CREDITICIA

#### DATOS DEL TITULAR

APELLIDOS Y NOMBRE/RAZÓN SOCIAL:

NIF:	TELÉFONO:	CNAE:
------	-----------	-------

F. NACIMIENTO/CONST.:	E-MAIL:
-----------------------	---------

DIRECCION: (Calle – Localidad – Provincia –C. Postal)

ESTADO CIVIL:	RÉGIMEN PATRIMONIAL: <input type="checkbox"/> Gananciales <input type="checkbox"/> Separación Bienes
---------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------

APELLIDOS Y NOMBRE CÓNYUGE:

F. NACIMIENTO CÓNYUGE:	CNAE CÓNYUGE:
------------------------	---------------

#### EN CASO DE PERSONAS JURÍDICAS, DATOS DEL REPRESENTANTE

APELLIDOS Y NOMBRE:	NIF:
---------------------	------

#### EN CASO DE ENTIDADES SIN PERSONALIDAD JURÍDICA, IDENTIFICACIÓN DE LOS SOCIOS

Socio nº1	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
-----------	------	---------------------

Socio nº2	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
-----------	------	---------------------

Socio nº3	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
-----------	------	---------------------

Socio nº4	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
-----------	------	---------------------

#### DATOS DEL PRÉSTAMO (\*)

IMPORTE INVERSIÓN:	IMPORTE PRÉSTAMO INV.:
--------------------	------------------------

FINALIDAD INVERSIÓN:

PLAZO TOTAL:	PLAZO AMORTIZACIÓN:	PLAZO CARENCIA:
--------------	---------------------	-----------------

IMPORTE C. CIRCULANTE:	IMPORTE PRÉSTAMO C.C.:
------------------------	------------------------

PLAZO TOTAL:	PLAZO AMORTIZACIÓN:	PLAZO CARENCIA:
--------------	---------------------	-----------------

IMPORTE PRÉSTAMO CIRCULANTE:

PLAZO TOTAL:	PLAZO AMORTIZACIÓN:	PLAZO CARENCIA:
--------------	---------------------	-----------------

(\*) Los datos del préstamo son orientativos respecto a los que establezca, en su caso, la Decisión Individual de Inversión en la que la autoridad de Gestión reconozca el derecho a un préstamo garantizado por el IFGC



A efectos de la emisión por parte de la Sociedad Anónima Estatal de caución Agraria (SAECA) del Informe de viabilidad crediticia para la Autoridad de Gestión del Programa de Desarrollo Rural 2014-2020 de ..... para que esta pueda proceder al reconocimiento del derecho a un préstamo garantizado por el Instrumento Financiero de Gestión Centralizada,

**SE AUTORIZA** a SAECA a:

- La incorporación de todos los datos de carácter personal dianantes de la presente solicitud, a su sistema informático, de modo que puedan realizarse automatizadamente todas las tareas propias de SAECA. A estos efectos, tales datos se conservarán por SAECA por el plazo que fije la Ley. El interesado podrá solicitar el acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidad y supresión de sus datos, de conformidad con lo previsto en la Ley 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales.
- Solicitar información a la Central de Riesgos del Banco de España, situación sobre mis riesgos crediticios, autorización que hago extensiva a la mencionada Central de Información de Riesgos para que facilite los datos interesados.
- Solicitar información al Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) sobre las ayudas recibidas y pendientes de recibir, así como superficies, producciones, información sobre los datos de declaraciones de entregas de leche, etc., haciendo extensiva esta autorización al FEGA para que se la facilite a SAECA.
- Solicitar a la Entidad Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) y a Agroseguro, información relativa a la contratación de seguro con coberturas crecientes comprendido en el plan de seguros agrarios combinados vigente, autorización que hago extensiva a la citada entidad (ENESA) y a Agroseguro para que facilite los datos interesados.

En ..... a .... de ..... de 20....

Firmado (1) .....

DNI.....

<sup>1</sup> En el caso de entidades sin personalidad jurídica, firmarán la autorización TODOS los socios de la misma

